



O CAMIÑO MEDIEVAL E REAL DE MEIRA NOS CASTROS DE VILADONGA.

Da súa marxinación no Camiño xacobeo do Norte e no “Camiño natural de San Rosendo”

Ricardo Polín

Cartografía: Antonio Ventura Figueroa Paz

Á memoria de José Otero Ledo, crego de Santiago de Fóra (Castelo), valedor desta calzada, que se foi coa primavera.

Malia a proposta efectuada o ano 93 pola equipa da Deputación de Lugo que dirixía o prof. Yzquierdo Perrín, sobre a base do traballo efectuado pola Asociación que presidía desde Abres o lembrado Joaquín Miláns del Boch, falecido coas botas postas e principal promotor desta histórica rota; aínda contando co importante pulo adquirido polos vieiros cántabros desde a “reinventio” xacobeá a comezos dos noventa baixo a etiquetaxe “Camiño Norte”; asumindo a existencia de algunhas apoucadas tentativas de organización procedentes das cámaras municipais ou de entidades asociativas como os Amigos do Camiño de Santiago da Provincia de Lugo que baixo a presidencia de Ángel Trabada teñen colocado varios fitos na súa demarcación; con todo se teren celebrado xornadas congresuais específicas o ano 2005 (nas que, por certo, o afán diferencialista ou revisionista levou a forzar unha curiosa proposta de itinerización consistente en derivar a rota alén Lugo cara a Bocamaos e a Ponte de Ombreiro, por San Paio de Narla e Sobrado dos Monxes, abandonando o paso natural do camiño interior pola vía primitiva cara a Melide); pese a todo, esta importante calzada galaico-asturiana que alcanza presta as chairas lucenses aproveitando os cursos fluviais polo bordo das serras orientais, non acaba de solecer. E mesmo así, conséntase un goteo persistente de camiñantes que procuran o sol de Fisterra por esta vía, como antílopes que migran ao Masai Mara obedecendo ao legado

xenético, sabedores de que o paso do tempo aínda non deu solución ao salto do río.

A ausencia evidente dunha axeitada xestión política dos recursos públicos e dunha planificación rigorosa da posta en valor da camiñaría histórica herdada por todos, deixou á intemperie o camiño real de Meira en sucesivos proxectos impulsados por distintas administracións. Tanto así que na incoación do expediente de delimitación do que se deu en coñecer como Camiño Norte ou “da Costa” canto á recuperación dos camiños de peregrinaxe a Compostela, ficou completamente fóra do mesmo -e sen aval algún- esta antiga vereá, en tanto a presión turística conseguía primar un escandaloso acceso “terrestre” a Ribadeo sobre a recente Ponte dos Santos, en detrimento da entrada tradicional vadeando pola Veiga e a vella ponte de Abres a ría que forma o desaugue do Eo, oficialmente relegada á simple condición de alternativa secundaria e aínda sendo o paso lóxico de penetración no país de Breogán polas calzadas cántabras, vía Mondoñedo por Trabada e o Val de Lourenzá ou vía Lugo por Santa María de Meira e a Chaira oriental. Dado que nos días que andamos se agarda un pronunciamento favorábel da UNESCO a favor da consideración do conxunto destas rotas nórdicas como patrimonio mundial, a marxinación da carreira antiga ao mosteiro de Meira resulta aínda máis alarmante e o silencio das corporacións municipais e colectivos sociais implicados, cando menos preocupante.

Por se isto non tivese a suficiente entidade ou non adquirise un certo dramatismo, o Ministerio de Agricultura anda a artellar o itinerario oficial do que deu en chamar “Camino natural de San Rosendo”, proposta de carácter lúdico, turístico e cultural que -logo de tomar como xustificación un ficticio seguimento do periplo vital do famoso nobre, bispo e santo galaico coetáneo do rei asturleonés Fruela II, entre San Martiño de Mondoñedo e o mosteiro ourensán de Celanova, sobre a base de aproveitar tan suculento investimento para recuperar a traza histórica dos vellos camiños de longo percorrido e o seu territorio- volta a relegar a traza antiga do camiño real ao paso polo municipio de Castro de Rei, con ser este a maiores o medio de recuperar a comunicación coa trama cultural dos Castros de Viladonga e o seu museo, tanto máis singularizándose como a proposta que mellor responde á idea do proxecto e á procura de eficiencia na xestión dos recursos públicos, mentres o goberno local de dito concello chairego “nin está, nin se lle espera”. (O artificioso desvío desta rota xacobeá cara a vila de Mosteiro posto en marcha de xeito subxectivo durante os últimos anos e adoito afirmado por grupos de sendeiristas, permite agora buscar unha xustificación para sobrepoñerlle o “Camiño de San Rosendo” coa mesma precariedade de argumentos, afianzando o abandono do camiño medieval de Meira e a súa belida estampa por terras de Santiago de Viladonga e Santiago de Mondriz. Apelar simplemente a motivos de seguranza ou de invasión parcial da vía pública non semellan ser razóns de peso suficientes que invaliden a súa recuperación ou para proceder a un desvío artificioso, tanto máis se o que se pretende é sumar o enlace histórico e transversal sobre o popular Camiño Real de Castela nas chairas pastorícenses deica conectar coa vía rexia de Meira a Lugo, ao modo en que transitaron estas paraxes as xentes que procedían de lonxanas terras).

A necesidade dun urxente labor de coordinación entre entidades públicas e privadas para que este potencial histórico non fiquese descolgado definitivamente dos importantes proxectos de futuro que se dirimen no seu entorno, pescudando nos seus inxentes valores culturais e ambientais, precisando e recuperando a traza arqueolóxica que remonta a corrente do Eo desde A Veiga, por Santiago de Abres, A Ponte Nova, Órrea e a Serra de Meira, ou procurando paliar os problemas que actualmente presenta a trama camiñeira tradicional, semella ser xa un clamor. (Pouco antes do seu



Meira (mosteiro cistercense)

pasamento a pé de obra, don José Joaquín Miláns del Boch, presidente da Asociación Astur-Galaica, sorprendíame –con esa sabedoría propia de quen xa non ten nada que perder- manifestando o seu coñecemento dun remoto enlace transversal que eu tiña investigado e por onde algúns transeúntes se achegaban desde Meira ao hospital do *Monasterium Sancti Martin de Bolanio* no señorío de Castro Verde, lembrando a antiga rede camiñeira sobre a cunca do río Azúmara).

Corría o ano 1214. A “antiqua vereda” do mosteiro cistercense de Meira xa enfiaba cara o ocaso en dirección a Lugo utilizando a “ponte sive portum” (‘ponte ou porta’) de Río Cabo para abrazar en Paraxes a



Río Cabo (Meira)



Chavín (A Pastoriza)



Ponte do Vao (Pol)

lomba da Cruz polo seu boscoso pé, marco e linde dos municipios chairegos de Meira, Pol e A Pastoriza.

Viña na procura da Carreira da Foz que por Chavín endereitaba rumbo a occidente seguindo a acentuada corredeira laxeada que das chairas de Gomesende se achegaba á beira do templo parroquial do Santo André de Ferreiros, para continuar transitando as bagoadas de Vilaxilde que levan ao rego do Vao en cuxa beira a calzada real foi atravesada pola estrada que vén da Veiga do río Eo e por onde se internaba na freguesía polense de Torneiros, no seu encontro coa veciña de Hermunde cuxo loureiro da cúpula da igrexa remonta á lenda dos tráxicos amores entre aquel humilde mestral e a filla do conde de Altamira.

Aínda así, na complexa encrucillada pastoricense de Paraxes próxima á Fonte Miña, historicamente formada polos vieiros que chegaban da mariña cántabra ou do reino de Castela, entre os lugareños de Chavín e arredores de Meira foi este último itinerario quen se identificou máis contundentemente como "camiño real" por antonomasia na microtoponimia local que afectaba a esa lonxeva cruz de camiños que permitía o diálogo entre os modelos produtivos da Chaira e da Montaña simbolicamente representados na convivencia do hórreo "asturiano" e do cabaceiro galaico, logo de que esta comarca primase o cultivo do millo cara o primeiro terzo do século pasado (véxase o curioso encontro das dúas tipoloxías arquitectónicas a ambas marxes desta vedraña rota).

Séculos despois, permanece en condicións aceptábeis un longo treito da vía mesetaria ao seu paso por estas terras miñotas onde eran recibidos con certa ostentación os bispos que se dispoñían a ocupar praza na sede mindoniense. (A lendaria trama camiñeira de Paraxes arrincaba cara o norte pola Carreira da Folgueira, ora fose na procura das terras mindonienses -seguindo a "vía pública" que desde a Fonte Miña cruzaba en 1249 o rego Miñotelo para alcanzar Bretoña a través do Porto das Mouras ou pola "vía rexia" que de Baltar accedía ao "portus de Radicosa" sobre o río da Rigueira, tirando por Vián e o castelo da Portela, para trazar os límites da actual Pastoriza-, ora fose a calzada coñecida como "a Antiga" que por volta de 1184 conducía a Pousada seguindo a "vía que ducit ad Penellam" e tomaba a "carreyra antiga" de Sandamil

que en 1300 cruzaba a ponte sobre o río Azúmara cerca de Santa Locaia de Castro de Rei, por Triabá, Ribeiras de Lea e a ponte romana de Duarría, alternativa chairega ao camiño canónico de Meira que é obxecto deste estudo).

A vía histórica que comunica Viladonga co mar consta escriturada como “camiño real” nas lindes de predios ocupados con motivo da ampliación da estrada de Meira no século pasado ou da reforma da vella ponte de Reguntille que hai un terzo de século consolidou o paso por este hidrónimo paleuropeo que por volta do ano 900 xa honraba ao posuidor xermánico *Rivum Gunt-ildi* (*Gunt illi*, o 998), sobre as augas mozas do Azúmara na freguesía de Ramil, onde aínda permanece fosilizado a un centenar de metros da ponte un significativo resto fragmentario do que supuxo a profunda depresión desta vella e transitada calzada, constatada na toponimia camiñeira viva de gran parte do seu percorrido e identificada como tal “via regia” nas mentes preclaras dos venerábeis anciáns de Ludrio, Mondriz, Chaín ou Ansemar e aínda recoñecida a súa marca toponímica como “camiño real” e parcialmente conservada a súa traza arqueolóxica na Ponte do Vao, no Casal de Pol ou no Campo de Prado das Veigas de Torneiros, onde -malia o iniciático ensaio dunha parcelaria feita con precipitación e enñañamento, que arruinou a paisaxe cultural do extremo oriental da Chaira e a maior parte da rede tradicional de comunicacións- mantense viva a memoria do tránsito continuo de arrieiros na parte traseira das casas, cos seus carros de bois ateigados de barricas de viño.

(Ao paso do camiño polo Couto de A cuxo dominio exerceu a casa de Vilamarín, permanece retida a Princesiña moura na pía da Fonte da Troita, por culpa dun malfado cuxo encantamento a converteu en peixe do río Azúmara mantido piadosamente polas lavadeiras do lugar que lle botaban saltóns, pan e miñocas).

A rota tradicional -antigo vial de tránsito arredor do que se erguen os importantes asentamentos castrexos de Viladonga e da Rodela de Balmonte, de Duancos ou Orizón- vive nun discreto abandono malia a reverencia con que se fala da Viladonga pola aba do sol nacente, e de aquí a seguir a vereas antiga do camiño real que de Lagüelas avanza cómodo cara o solpor, deixando á esquerda os recintos apegados á citania galaico-



Campo de Prado (As Veigas)

romana para aproveitar a menor pendente e ese abeiro agarimoso de Entre-as-Agras que conduce ao muro perimetral na traseira da Casa das Minguillonas, no corazón habitado de Ansemar.

Relativamente ben respectada a traxectoria histórica da senda medieval nos posteriores traballos de amelloramento e concentración de terras no económico tránsito que vai liña recta do Curro de Ansemar a Os Pinos, sobre os Paraños de Ludrio, pola Casa de Portas, evocación do que foi unha senda multiseccular de folgura xenerosa e altos muros de pedra, con fitos de paso obrigado que permanecen no espazo e no recordo dos lugareños, como o Cruce dos Outeiros -que fai virar á esquerda e acolle o fétido feísmo do chamado “ponto limpo”- ou o singular Pontello de Busto, reliquia do Camiño. (Porén, a teima arborizada aniquilou sen piedade aquel carballo senlleiro de colosal estampa e vetusta vida que outrora deu nome no Curro á Agra do Carballiño, na beira mesma desta antiga calzada de tan longo percorrido).

Fica unha pasaxe medida desde Os Paraños, no posto de botar gasolina en Ludrio, ás croas e parapetos do Castro de Orizón, a pisada travesía dunha lúcida galería que pouco a pouco gaña altura deica os “Lagos de Teixeira” e a súa topográfica inflexión. Vieiro doado e



O Casal (Torneiros)



A Corredoira Fonda (Castros de Viladonga)



O Casal (Torneiros)

franco, asentado na tradición; unha boca ou desfiladeiro cuxa suave pendente permite tender a ollada unindo nun só camiño da misa os templos de Duancos, de Ludrio e de Mondriz. Espiñazo urbanístico nestas aldeas fidalgas do que Madoz reclamaba “Castro de Rey de Tierrallana”; columna vertebral cuxas costelas van quedando a ambos lados deste vello itinerario, campestre, idílico e pracenteiro, que viu pasar arrieiros, feirantes, andeiros e vagamundos, da que foi ponte de Abres á Fonte Miña.

Tiñan unha rota clara, unha andadura lixeira, ben direita e orientada: do cruzamento de Ludrio, xunto ao monte das Pedreiras, viñan polo Chao do Camiño, pasaban A Carballosa, metíanse por Alduara e a igrexa parroquial, seguían pola Xesteira deica cruzar a estrada de Mosteiro a carón do que foi *Mesón de María* (lugar no que un renque de árbores lindeiras lembran o itinerario clásico) e tomar o interesante travesío da Granda á Casa de Carvajales (treito de vella congostra encaixada con muros de pedra gra, calzada anciá que precisa ser liberada dos usos que o teñen preso de entullo e porcaría) deica o templo de Mondriz, para baixar até o Pacio enfileirando a frondosa Corredoira dos Defuntos e se dirixir ao vello pontigo sobre o río Lea, estreito vale fluvial onde aquela vereia antiga mirou o xeito máis cómodo de remontar a pendente da montaña, dirixíndose por Queimaloura, ao biés, de cara ao mediodía, para abordar entón a bifurcación que conduce á direita por diante da igrexa de Duancos (traza recentemente desprazada á parte posterior) e constituír xa na crista da serra o chamado Camiño do Calvario, en tanto nos prados da Agra de Queimaloura deixaba o gallo da esquerda que pola Seara alcanzaba a igrexa de Santa Comba -sete leguas a Mondoñedo-, coas estelas visigóticas que agochou no camposanto.

(A pintoresca trama viaria e monumental formada en torno á señorial Casa do Pacio de Mondriz e ao seu templo de Santiago fica transitoriamente fanada debido ao asalto inmisericordioso da Corredoira dos Defuntos, dominio público do camiño real apropiado nos arredores da Casa de Penelas no lugar do Pacio que bica as augas do Lea e onde foi sacrificada a primitiva ponticela en favor da que agora permite o tránsito da estrada).



Meilán (camiño do Mazo)



Meilán (camiño do Mazo)

Alcanzado pola banda de poñente o cumio desta lomba sobre a que cabalga o templo parroquial de Santa María de Duancos, próximo á croa do Castro e ao campo de mámoas de Orizón, o Camiño do Calvario que vén de Meira emprende un suave descenso pola Casa do

Monte, próximo ao Canaval e a Freinoval, deica a histórica cruz de camiños que o tempo foi conformando arredor do Rego de Amorín na súa confluencia co Río Guimarás -na cara meridional deste outeiro- e que conduce á antiga pousada do Refuxio, a onde accedía pola parte posterior segundo delatan os restos do muro perimetral na súa traza arqueolóxica.

Aquí sobre a confluencia das terras de Orizón e de Segade que unen os municipios de Castro de Rei, Lugo, Pol e Castro Verde, agóchase un ancestral e complexo nó de comunicacións de longa distancia e estrutura radial cuxa intersección debuxa bucólicas paraxes de alto valor etnográfico e ambiental, como é o caso do Mazo de Orizón, simbólico núcleo deshabitado que foi erixido sobre a cultura acuática do regadío –coas súas mínimas pasaxes de ferradura e camiños de carro, augueiros e ponticelas-, recibindo o vieiro transversal procedente de Mosteiro por Cirio, Baílle e o temido paso pola Granda de Amorín –frecuentada por salteadores de camiños e adoito percorrida hai un século por miña bisavoa Ramona desprazada desde a Fonte do Azúmara para a desaparecida feira de Duancos-, aproveitando o pronunciado declive fluvial que percorre a popular senda coñecida como Os Pasos de Orizón, en alusión ás rochas e penedas depositadas no seu momento sobre o leito das augas para se mover polo vao do río.

Fica neste lugar un fermosísimo e ben conservado capítulo da cultura camiñeira que ten a ver co anaco de calzada afirmada por grosos muros entre O Mazo e a encrucillada correspondente ao casarío de Meilán,



O Santo (Camiño de Meilán ao Mazo de Orizón)



Os Pasos de Orizón

senda natural á beira do rego e vía tradicional que entronca por estes lares co camiño de Meira para a capital lucense, a maiores de recibir polo leste o camiño real procedente da feira de Castro Verde para a Terra Chá e as mariñas de Ferrol, antigo vieiro ben documentado por Pascual Madoz (para quen "facilita la comunicación con Tierrallana y Villalba", á vez que dirixe os camiños de Orizón cara Oviedo, A Coruña e Ferrol), pasando á beira do pico San Fitoiro e o Marco das Tres Olas, linde parroquial entre Barredo, Ameda (sic, de AMENEDA 'terra de amieiros', non a forma macarrónica oficial A Meda) e Orizón, á par que delimita ese enclave do señorío abacial de Mondoñedo nas terras castroverdenses, dentro do arciprestado chamado "da Montaña", rexio vieiro dabondo transitado polas recuas dos afamados arrieiros de Barredo.

Sobre este rústico e apartado enclave de Santa Comba de Orizón, dotado de evidente encanto e bucolismo, sitúanse igualmente os últimos vestixios da antiga portaxe que acoutaba a calzada e cuxa identidade fora

sacralizada coa presenza simbólica da imaxe pétreo vulgarmente coñecida como "O Santo", supostamente depositada no museo provincial, non sendo menos significativos na tradición camiñeira deste emprazamento tanto o cruzamento que deu forma ao núcleo de Meilán, como a casa do Refuxio, sempre taberna e repouso de vellos camiñantes, singular treito do camiño real ao paso por Segade e cuxa continuidade da traza arqueolóxica cómpre recuperar seguindo a pegada dos muros de peche e as súas árbores lindeiras que permanecen na parte traseira da parcela ocupada polas vivendas, singularmente o itinerario orixinario que inmediatamente despois do Refuxio deriva á esquerda en sentido a Lugo, aproveitando a ladeira do monte veciñal no seu ascenso ao Rego de Petos, traxectoria cuxa reforestación está a invadir a caixa da senda tradicional en sentido a Lugo.

A artificiosa creación de varias lagoas amecidas baixo a moderna etiquetaxe de "Lagos de Teixeira", non foi quen de anular o tránsito do camiño real por este boscoso e maltratado teso, así como o seu progresivo avance a media ladeira pola banda meridional, aínda que está a substituír a denominación propia do que foi O Rego de Petos para as xentes con ascendencia na bisbarra e topónimo adoito vivo aínda no entorno desta montaña situada na saída histórica de Lugo para a Mariña, itinerario consolidado ao longo dos séculos tamén en sentido a poñente seguindo o que Madoz tiña por "camino que se dirige a la villa de Meira" a través das parroquias de Labio, Pedreda e Santiago de Castelo, eixo viario cuxa recta traxectoria conserva no fundamental as súas señas de identidade tradicionais, estreitamente unidas ao tránsito permanente de viaxeiros nun e noutro sentido, sobre a Ponte de Vilariño, paso obrigado desta vía medieval de gran tránsito que permitiu erguer á súa beira algúns burgos como os núcleos de Cuiñas, Vilachá, Albarello, A Laxe, Cima de Vila e Castelo de Arriba, a vereas que xa o ano 1027 era descrita como "illa vereas que vadit per ad Villa Plana [Vila Chá]", debuxando a contorna do condado de *Superata*.

Con efecto, aínda é tempo de apoiar algunhas iniciativas veciñais que tentan impedir que se atranque o camiño real nun travesío tan nomeado como A Cobela (tamén Fochenzos), treito final de conexión entre A Laxe e Albarello, salvando ese pintoresco intervalo desta vella rota de longa andaina cuxa entidade constatan as

escrituras de fincas conlindantes co “camino real que va para la villa de Meira...”.

Desde tempo inmemorial, conforma unha histórica encrucillada co camiño francés de Asturias ou Camiño Primitivo de Santiago ás portas de Lugo, no laborioso e tradicional arrabalde da Chanca, encontro secularmente inmortalizado pola maxestosa sombra do que se deu en chamar “Carballo da Chanca”, árbore senlleira e varias veces centenaria que foi abatida polo pé o pasado ano 2014 malia a protección oficial da que teoricamente gozaba por delimitar a calzada xacobeá (como lembra a nosa centenaria mái: “Muita bambolia: pucheiro ao lume, con auga soa!...”).

No momento de se erixir o novo hospital lucense (HULA), lembro a fermosa traza física da vía medieval de Meira desde As Leiras de Cima de Vila, recta a Lugo coma un tiro, coas súas árbores en aliñadas formacións, chantos, laxes e o sorprendente rochedo esferoidal das Penas Apertadas que logo foi brutalmente dinamitado a

golpe de barrenos; lembro o seu discreto paso coincidente co asentamento das ruínas da antiga capela de San Cibrao nos montes do mesmo nome e as medorras acarón, referentes topográficos que no Catastro do Marqués de Ensenada serven de divisoria coas propiedades comunais dos veciños de Pedreda. E fixen reiterados chamamentos públicos para lle salvar a vida a esta entrada histórica na cidade vindo do Norte.

Ollando a capital lucense, permanece a vella senda que da Casa do Zoqueiro en Castelo de Arriba conduce ao atallo coñecido como Camiño Vello –en paralelo á rúa do Liño, pola traseira das súas vivendas-, deixando á mao esquerda algúns topónimos tan significativos como o que designa a Agra de Tras do Camiño, mesmo A Regueira ou O Cortiñeiro, antigo vieiro demarcado por esas árbores laterais que definen e protexen a pegada arqueolóxica do mesmo e que no seu pronunciado descenso pola Costa que baixa á cunca do Rato recibe o nome local de Camiño do Monte, antes de abrazar a rota interior de Afonso II no Agro do Couso, territorio do que foi Santiago de Fóra na primeira parroquia da cidade lucense, Chanca arriba. (O toro derrotado do carballo que singularizaba este sagrado lugar até o ano pasado, debera ser soerguido e transformado nun motivo de reflexión sobre o valor deses símbolos na cultura camiñeira).

Aínda así, a agresión máis forte contra o camiño real de Meira resultou ser a apertura en 2009 da Rolda Leste ao hospital *Lucus Augusti*, prototipo de calzada envolvente e transversal que tronza todas as vías históricas de acceso á cidade bimilenaria, agresiva actuación no plano paisaxístico e cultural que xa se tiña ensaiado ao



Santiago de Fóra (Castelo de Arriba)



Entrada do Camiño na Chanca (Lugo ao fondo)



Carballo da Chanca talado en 2014
(conexión co Camiño Primitivo de Santiago)



Mámoa en San Cibrao

paso da autovía A-6 desde a soterrada e esquecida Ponte da Samesugueira, na verea medieval do Carqueixo que vén de Oviedo. O Camiño Primitivo recuperou a continuidade mediante unha pasarela que –de momento– se lle ten negado á senda procedente do Cantábrico polo poboado de Viladonga, malia as airadas protestas dos habitantes residentes na periferia de Cima de Vila ao se veren incomunicados, infraestrutura que agora lle tería permitido ao camiño real seguir o seu itinerario orixinario por San Cibrao e logo “entrar por nobres portas á cidade”, como desexaba don Álvaro Cunqueiro.

(Fica xa no proceloso álbum da memoria esa imaxe do párroco de Castelo que eu mesmo immortalizei, empoleirado sobre a garganta aberta para o hospital, e a persistente carraxe do sacerdote recentemente falecido, fronte á invasión urbanística deste “Monte do Gozo lucense” e reserva espiritual desde o que se albiscaron *illo tempore* as campás da gran basílica proxectadas sobre o feudo amurallado). *Deus fratesque Gallaecia!*.



San Cibrao (2009)



O cura de Santiago de Castelo observa o corte do camiño real na Rolda Leste ao Hospital Lucus Augusti (ano 2009)